

## ANUNCIO.

Aprobada inicialmente a ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar (S.A.F) do Concello de Gondomar en sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 6 de marzo de 2014 e publicado dito anuncio no B.O.P. núm. 58 de 25 de marzo de 2014 e, non téndose formulado reclamación algunha contra dita ordenanza, considérase aprobada definitivamente a ordenanza que de seguido se publica.

## **ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (S.A.F.) NO CONCELLO DE GONDOMAR**

### **ARTIGO 1. CONCEPTO**

De conformidade co previsto no artigo 127 en relación cos artigos 41 a 47 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar (en adiante, SAF), especificado nas tarifas comprendidas nos artigos 5 e 7, e que se rexerá pola presente ordenanza.

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe unha contraprestación pecuniaria que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten a prestación do SAF e lles sexa concedida de acordo co previsto no regulamento do servizo.

### **ARTIGO 2.- OBRIGADOS AO PAGAMENTO**

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado mediante a presente ordenanza as persoas que se beneficie da prestación do SAF prestado polo Concello de Gondomar. No caso de que as persoas anteriores carezan de capacidade de obrar, a obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal.

### **ARTIGO 3. CONTÍA DO PREZO PUBLICO**

3.1. A contía do prezo público regulado nesta ordenanza para dependencia será o resultado de aplicar a capacidade económica referenciada ao indicador público de renda de efectos múltiples, IPREM, a táboa indicada no artigo 5.2 desta ordenanza.

3.2. A contía do prezo público regulado nesta ordenanza par libre concorrencia establécese en función do prezo/hora anualmente vixente para a prestación do servizo no contrato administrativo en vigor coa empresa que realiza o SAF no Concello de Gondomar, aplicando a táboa indicada no artigo 7.1. desta ordenanza.

### **ARTIGO 4. DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DO SISTEMA DE ATENCIÓN A PERSOAS USUARIAS DA DEPENDENCIA.**

1. Para a determinación da capacidade económica da persoa usuaria, terase en conta a situación económica acreditada polo interesado na documentación presentada para a iniciación do procedemento de recoñecemento do grao da dependencia, consorte o establecido no artigo 21 do Decreto 15/2010. do 4 de febreiro. Para estes efectos se a

persoa usuaria se atopa no suposto previsto no artigo 16.3 do Decreto 149/2013 de 5 de setembro, a exigencia do requisito de presentación da declaración do imposto da renda das persoas físicas será substituída pola presentación de certificación actualizada das percepcións de pensións, prestacións ou subsidios públicos das cales sexa beneficiaria.

2. A capacidade económica da persoa usuaria será a determinada na resolución do programa individual de atención que, consorte o previsto no artigo 38.2 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, incluírá un pronunciamento expreso sobre a participación do usuario no custo dos servizos.

**ARTIGO 5 .PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMENTO DO SERVIZO DAS PERSOAS DEPENDENTES CONDEREITO DE ATENCIÓN RECOÑECIDO COMO USUARIAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.**

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IpREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.
2. Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

% IPREM	Grado I	Grado II	Grado III
ATA	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %



500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no pla, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.
- En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento, poderá exceder o 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.
- No caso de que a entidade local asuma tamén a prestación, ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar regulados no artigo 14.2 do Decreto 149/2013, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarán a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

% IPREM ATA	Grado I			Grado II			Grado III		
	AFPF	AAS	SPAT	AFPF	AAS	SPAT	AFPF	AAS	SPAT
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %



CONCELLO

DE

GONDOMAR

CONCELLO

CONCELLO

100,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %
----------	--------	---------	---------	---------	---------	---------	---------	---------	---------

AFPF= Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia.

AAS= Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.

SpAT= Servizo de préstamo de axudas técnicas.

## **ARTIGO 6. DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PERSOAS USUARIAS DOUTROS SERVIZOS QUE IMPLIQUEN COPAGAMENTO.**

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.
2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.
3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

## **ARTIGO 7. PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS USUARIAS NO FINANCIAMENTO DOUTROS SERVIZOS QUE IMPLIQUEN COPAGAMENTO.**

1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrência, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 6 desta ordenanza.

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custo de servizo de SAF básico
Menor do 0,80 do IPREM	0%
Maior do 0,80 e menor ou igual o IPREM	10%
Maior do IPREM e menor ou igual a 1,25 do IPREM	12 %
Maior do 1,25 e menor ou igual a 1,50 do IPREM	15%
Maior do 1,50 e menor ou igual a 1,75 do IPREM	20%
Maior do 1,75 e menor ou igual a 2,00 do IPREM	30%
Maior do 2,00 e menor ou igual a 2,50 do IPREM	40%
Maior do 2,50 do IPREM	60%

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.
3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

#### **ARTIGO 8.- CONDICIONS DE PAGAMENTO**

- a) A obriga de pagar os prezos públicos nace dende o momento no que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas normas de xestión que se indican no artigo 9 desta ordenanza.
- b) Os abonos mensuais das cotas de pagamento realizaranse mediante unha domiciliación bancaria (as excepcións a esta regra deberán motivarse cun informe dos técnicos de Servizos Sociais). Se estes pagamentos non se puidesen facer efectivos por motivos atribuíbles á persoa beneficiaria do servizo- inexistenza de fondos ou outros-, éste/a será apercibido/a de inmediato, responsabilizándose dos gastos que ocasione.
- c) Cando o/a usuario/a vaia a estar ausente do seu domicilio, ben por ingreso hospitalario, por asistir a programas de termalismo social ou por un motivo distinto pero xustificado, deberá avisar, como mínimo, con 48 horas de antelación (dous días). Nestes casos, se lle descontará a parte proporcional da cota que lle corresponda mensualmente.

d) Se a algún/unha dos/as beneficiarios/as non se lles prestase o servizo por causas non imputables a él/ela mesmo/a, léase por inconvintes derivados da organización interna do propio servizo, terá tamén dereito a un desconto proporcional ao tempo tempo que estivo sen servizo á hora de aboar a cota mensual.

#### **ARTIGO 9. NORMAS DE XESTION**

1. Unha vez iniciada a prestación do servizo, procedera a aprobar a liquidación que corresponda, na que constarán os datos precisos para a determinación do importe correspondente á mensualidade que se indique nela, emitindo a carta de pago correspondente.
2. Procederá o rateo da cota correspondente ao mes de inicio en función dos días que resten ata o último do mes, pasándose ao cobro xunto coa liquidación da primeira mensualidade seguinte. Tamén se rateará a cota mensual nos supostos de baixa no servizo que será efectiva dende o mesmo día en que se presente a solicitude de baixa ou no que esta sexa declarada de oficio.
3. No suposto de suspensión temporal do servizo, sempre que a suspensión estea debidamente xustificada no expediente, os obrigados terá dereito á devolución da contía correspondente ao período de suspensión, se é o caso, e regularizase na primeira mensualidade despois de reiniciarse o servizo. De non ser posible facelo así, procederase á devolución que no seu caso corresponda á conta declarada pólo beneficiario na súa solicitude de prestación do SAF. En calquera caso, será imprescindible o informe social do/a traballadora/a social, que se incorporará ao expediente individual/familiar.
4. A devolución de dúas cotas mensuais consecutivas ou tres alternas, por causa imputable ao obrigado ao pagamento, determinará a interrupción da prestación do servizo e declaración de baixa.
5. Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior a prestación do servizo e o pagamento efectuarase, dacordo co decreto 149/2013, nos primeiros 20 días do mes seguinte, mediante domiciliación bancaria.



### DISPOSICIÓN ADICIONAL

A modificación da tarifa do prezo público establecido na presente ordenanza será obxecto de modificación mediante acordo do Pleno do Concello de Gondomar, previa proposta do servizo correspondente á que haberá de xuntarse informe no que se poña de manifesto que a tarifa proposta cubra, como mínimo, o custo do servizo prestado ou actividade realizada ou, no caso de que non o cubra, as razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que aconsellen fixar prezos por debaixo dese límite.

A contía da cota do prezo poderase actualizar conforme ao Índice de Prezos do Consumo (IPC) establecido para o Estado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

### DISPOSICION DERROGATORIA

Esta ordenanza derroga expresamente a Ordenanza Reguladora do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda no fogar, aprobada polo Pleno en sesión ordinaria o 4 de xullo de 2013\_ ( BOP de Pontevedra nº 204 de 23 de outubro de 2013), e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

### DISPOSICION DERRADEIRA

Para o non previsto nesta Ordenanza fiscal será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral, Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

A presente ordenanza, unha vez aprobada polo Pleno do Concello de Gondomar, entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, e transcorra o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local, e producirá efectos ata a súa modificación ou derogación expresa.

O acordó transcrito é definitivo en vía administrativa e contra o mesmo pode interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte hábil o desta notificación. Todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, se é o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Gondomar, 6 de maio de 2014.

O alcalde,

Fernando Guitián Guitián

